



## Concello de Arbo

### ACTA DO COMITÉ ORGANIZADOR PARA A PRESELECCIÓN DAS CORAIS PARTICIPANTES NO VIII CERTAME DE CORAIS: "VILA DE ARBO", A CELEBRAR O DÍA 08 DE MARZO DE 2023.

Tras a aprobación da bases do Certamen de Corais: "Vila de Arbo", por Alcaldía o día 17.01.23 para participar no Certamen de Corais: "Vila de Arbo" promovendo así o apoio a cultura musical, polifónica e coral, organiza este certamen o día 6 de Maio de 2023 en horario de tarde no Auditorio Segundo Gil Davila de Arbo.

Reunidos o día 08 de marzo de 2023, ás 11h, os membros do Comité organizador que a seguido se relacionan designados por Resolución da Alcaldía:

- Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo
- César Posada Figueiras, director da Banda de Música de Valadares
- Raúl Rodríguez Álvarez, concelleiro de cultura do Concello de Arbo
- Jose Antonio Nieto Alonso, presidente da Coral Polifónica de Arbo
- Victor Fernández Nogueiras, director da Coral Polifónica de Arbo.

Tendo en conta que nas bases se establecen estes premios:

- 1º Premio: 900.00 euros máis diploma acreditativo
- 2º Premio: 400,00 euros máis diploma acreditativo
- 3º Premio: 200,00 euros máis diploma acreditativo

Premio Fecoga a mellor interpretación da obra de concurso: 500,00 euros máis diploma acreditativo

Diploma de participación para o resto das corais que non obteñan premio

Segundo consta nas bases do certame participarán un máximo de seis agrupacións corais no mesmo.

Unha vez rematado o prazo para a entrega das propostas o 03.03.2023 ás 15:00 horas, preséntanse en prazo 3 corais candidatas e debidamente rexistradas no rexistro do Concello:

- Coro de Cámara MÚSICA VIVA, 14 compoñentes CRE 366 27/02
- Coral Concerto Tempo, 31 compoñentes CRE 419 03/03
- Coro de Cámaras Ludus Tonalis (pertencente á Asociación Xogos Tonais), 12 compoñentes CRE 420 03/03

Unha vez examinadas por parte dos membros do xurado as propostas presentadas e admitidas, e tras establecer o resultado da súa valoración en base aos criterios fixados nas bases e relativos ao historial da coral e a calidade musical das súas interpretacións, procedendo á apertura da documentación e soportes nos que figuran os nomes e identificación dos autores dos mesmos, un Curriculum Vitae que inclúa a súa actividade de polo menos os últimos 3 anos, unha declaración xurada conforme non pertencen a ningunha escola ou conservatorio profesional de música e unha gravación propia.





## Concello de Arbo

De acordo coas bases, as propostas das corais presentadas e seleccionadas quedarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

Escollidas as corais que participarán no VIII Certamen Galego de Corais Vila de Arbo, as agrupacións terán 30 días naturais para remitir, foto actualizada e 1 exemplar da partitura da obra de presentación e de libre elección, todo isto dirixido ao servizo de cultura do Concello de Arbo en soporte informático ao correo electrónico [museoarabo@concellodearbo.gal](mailto:museoarabo@concellodearbo.gal)

Do mesmo xeito, poderá introducir algunha modificación na documentación presentada se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

As corais non seleccionadas devolveranse aos seus autores as candidatas non seleccionadas aos seus autores, podendo estes pasar a recollelas polas dependencias municipais a partir do quinto día posterior ao fallo do comité organizador no mesmo lugar onde foron entregadas.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a presente en Arbo a 08.03.2023, sendo asinada polos asistentes en mostra da súa conformidade.

-Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo

-César Posada Figueiras, director da Banda de Música de Valadares

-Raúl Rodríguez Álvarez, concelleiro de cultura do Concello de Arbo

-Jose Antonio Nieto Alonso, presidente da Coral Polifónica de Arbo

-Victor Fernández Nogueiras, director da Coral Polifónica de Arbo.

Arbo a 08/03/2023

